Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 4 de novembro de 2024
(Orzamentos 2025-Presidente Deputación A Coruña.)

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos,** o día **4 de novembro de 2024, ás 10:00 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P)
Jesús María Fernández Rosende
(en substitución de Noelia Pérez López)
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Rubén Lorenzo Gómez
(en substitución de Patricia García González)
Paula Mouzo Mas
(en substitución de Cristina Sanz Arias)
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Juan Manuel Casares Gándara)
Pablo Javier Prieto Perille
(en substitución de Miguel Fidalgo Iglesias)
Cecilia Vázquez Suárez
(en substitución de Julio García Comesaña)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG)
Daniel Castro García
(en substitución de Brais Ruanova Vilas-Boas)
Óscar Insua Lema
Iria Taibo Corsanego
(en substitución de Rosana Pérez Fernández)
Montserrat Valcárcel Armesto
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Presidente da Deputación Provincial da Coruña
Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta reinicia a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

O vicepresidente abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento.

Punto único.- Comparecencia do presidente da Deputación provincial da Coruña
Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025
13638 (12/PL-000004)
Publicación e asignación á Comisión, BOPG n.º 104f1, do 19.10.2024

A presidenta, despois de darlle a benvida ao presidente da Deputación Provincial da Coruña, recorda que a sesión desenvolverase do seguinte xeito: unha primeira intervención do comparecente, por un tempo de 20 minutos; unha rolda de portavoces dos grupos parlamentarios, por un tempo de 10 minutos; e una rolda de peche do comparecente, por un tempo de 10 minutos.

A continuación, a presidenta concédelle a palabra ao **presidente da Deputación Provincial da Coruña**, **Valentín González Formoso**, que procede a informar sobre os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 correspondentes ao ente que preside.

Deseguido, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios para que os seus portavoces formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** as **señoras Iglesias Rey, Patricia (S)** e **Taibo Corsanego, Iria (BNG)** e o **señor Trenor López, Gonzalo (P)**.

Finalmente, o **presidente da Deputación Provincial da Coruña**, **Valentín González Formoso** pecha o debate dando resposta ás cuestións expostas polos diferentes portavoces.

A Presidencia agradece novamente a presenza do presidente da Deputación Provincial da Coruña nesta Comisión e lémbralles ás súas señorías que ás 12.00 horas continuarán coa comparecencia do presidente da Deputación Provincial de Lugo.

Suspéndese a sesión ás 11:10 horas.

PARLAMENTO DE GALICIA

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal da sesión.)

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.11.05 16:52:08 +01'00'

Noa Clara Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.11.05 16:22:20 +01'00'

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª. ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS, DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2024

Orzamentos 2025

(Comparecencia do presidente da Deputación provincial da Coruña)

PARLAMENTO DE GALICIA

Reiníciase a sesión ás 10.00 horas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Bo día a todas e a todos.

Imos reiniciar esta sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, que ten por obxecto avaliar mediante sesións informativas o proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2025.

Na xornada de hoxe continuamos coas exposicións das deputacións provinciais.

Temos connosco xa o señor presidente da Deputación Provincial da Coruña, o señor González Formoso, a quen lles damos a benvida de novo a esta Comisión 3ª e agradecémoslle a súa presenza nesta Comisión.

E, sen máis, prégolle, por favor, señor secretario, que lea a lista de membros a efectos de substitucións.

O secretario da Comisión (señor Santos Costa): Grazas. Bo día.

(O señor secretario le a relación de asistentes.)

Hai quórum, presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor secretario.

Recórdolles ás súas señorías, como é o procedemento. En primeiro lugar, haberá unha quenda inicial de 20 minutos por parte do señor González Formoso para dar conta do orzamento da Deputación da Coruña. A continuación, os grupos terán unha única quenda de máximo de 10 minutos; e, posteriormente, pechará a sesión informativa o señor presidente por un tempo de 10 minutos.

Así que, sen máis, señor Formoso, reiterándolle o seu agradecemento por estar hoxe aquí con nós, pode comezar cando queira.

O presidente da Deputación provincial da Coruña (Valentín González Formoso): Moi ben moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, comparezo unha vez máis ante esta Comisión para presentarlles as liñas mestras dos orzamentos da Deputación da Coruña para o exercicio de 2025 no marco do debate de orzamentos da Comunidade autónoma.

PARLAMENTO DE GALICIA

Represento a Deputación Provincial da Coruña, unha institución dirixida por un equipo político resultante da coalición do Partido Socialista de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que está xa no seu terceiro mandato e que entendemos como un exemplo de colaboración e entendemento entre uns socios de goberno aos que agradezo ademais o seu firme compromiso. E non me resisto a poñer en valor nos tempos que corren, a unha Deputación da Coruña que entendemos exemplo de espazo de diálogo, consenso e respecto entre todas as forzas políticas.

Teño o propósito de compartir con vostedes as dificultades ás que a institución que represento enfronta no vindeiro 2025 na súa principal tarefa, que non é outra que a de prestar apoio aos 93 concellos que conforman a provincia da Coruña, cada vez con máis dificultades financeiras operativas.

Os servizos públicos municipais viñan experimentando incrementos de custos dunha magnitude tan relevante como o inevitable: o subministro de enerxía, a depuración de augas, a recollida do lixo, ou o servizo de axuda no fogar están a afogar os seus orzamentos. Ademais, os concellos teñen serias dificultades para abordar as transformacións dixitais, enerxéticas e verdes, para abordar incluso o envellecemento ou os movementos migratorios. Ao exposto hai que engadir que as entidades locais galegas, en xeral, están a prestar servizos que lle corresponden á comunidade autónoma, que máis por diversas canles atribúe novos labores sen avaliar o seu custo efectivo e sen proporcionar os recursos necesarios para a súa adecuada prestación.

Por outra banda —como lles trasladei na miña comparecencia do ano pasado—, a Deputación é unha Administración moderna próxima aos intereses da cidadanía e consciente dos retos de futuro da nosa provincia, motor económico de Galicia. Na miña investidura comprometinme a seguir traballando para construír unha provincia próspera no económico e industrial, innovadora, verde, dixitalizada e cohesionada social e territorialmente. Unha provincia na que ninguén quede atrás, unha provincia experta e capaz de aproveitar as oportunidades do presente; un presente no que asistimos a cambios profundos e acelerados en distintos eidos. Espero que esta comparecencia de hoxe contribúa a estes obxectivos presentándolles as liñas xerais da acción política da Deputación da Coruña para o vindeiro exercicio.

Como ben saben, neste momento non coñecemos os obxectivos de estabilidade orzamentaria, a regra de gasto e débeda pública nin a previsión do Estado sobre a liquidación negativa do 21 a reintegrar no 25. Tampouco coñecemos as previsións relativas ás participacións nos ingresos do Estado nin as condicións aplicables á función pública no 2025, feito que condiciona e limita os entes locais ao estimar os recursos dispoñibles.

A pesar de todas estas limitacións, consideramos fundamental aprobar o orzamento en tempo e forma, o que faremos no vindeiro Pleno de novembro, para permitir poñer en marcha os proxectos nel contidos a partir do 1 de xaneiro do vindeiro ano. As previsións de ingresos totais da Deputación ascenderán a 240.500.000 euros, o que supón un

incremento do 8,26 % sobre as previsións iniciais do exercicio, 2025. Estes recursos destinaranse prioritariamente aos obxectivos que nos marcamos como estratéxicos para este mandato: a asistencia aos concellos da provincia, o benestar social, a cohesión territorial e a loita contra o despoboamento no rural; así como a xeración de emprego e fomento da actividade económica e innovadora nos sectores produtivos e provinciais.

Estamos pois ante os orzamentos máis altos da historia da nosa institución, cun incremento de case 18,5 millóns de euros con respecto ao presente exercicio. Un ano máis, a Deputación da Coruña non recibirá nin un só euro do Fondo Galego de Cooperación Local, o mecanismo de participación das entidades locais nos orzamentos da comunidade autónoma. Un fondo que no proxecto de orzamentos a Xunta de Galicia decidiu manter conxelado un ano máis na súa parte incondicionada á aquela que se reparte de forma obxectiva con respecto á autonomía local, en 112 millóns para os 313 municipios de Galicia. Mentres, os orzamentos comunidade autónoma crecen ano a ano grazas tamén ás transferencias do Estado e o financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta de Galicia mantense estancado dende hai máis dunha década. A proposta da Xunta de incorporar unha contía de 5.400.000 euros, dirixida só para concellos de menos de 15.000 habitantes, non é un avance, segue a liña da condicionalidade defendida pola Xunta nestes anos contraria á autonomía municipal.

Non podo deixar de sinalar unha vez máis que os orzamentos da Xunta de Galicia que se están a tramitar nesta Cámara incumpren o mandato contido no artigo 142 da Constitución, xa que cando establece que as entidades locais participarán nos tributos do Estado das comunidades autónomas, refírese a todas as entidades locais enumeradas nos artigos anteriores, é dicir, aos municipios e ás provincias.

Non recibimos ingresos do Fondo de Cooperación Local, pero seguimos cumprindo o deber de dotar nos nosos orzamentos recursos para servizos que son competencia autonómica. Estoume a referir aos dous centros educativos e dous de atención de menores que sostén a Deputación, con 20.150.000 euros de gasto previsto para o exercicio 2025, uns recursos que poderían destinarse a concellos desta provincia se a Xunta asumira as súas competencias. É certo —como saberán— que o presidente da Xunta de Galicia adquiriu o pasado mes de xullo o compromiso con esta Presidencia de aceptar a transferencia dos citados centros de educación secundaria titularidade da Deputación. Acabamos de iniciar os contactos para comezar as negociacións, que esperemos que frutifiquen no menor tempo posible. Tampouco se inclúe previsión por outros ingresos que xestiona a comunidade autónoma que deberían de contemplar aos concellos e deputacións como partícipes na recadación correspondente.

Antes de entrar no detalle das principais partidas, gustaríame destacar tres medidas que me parecen importantes. En primeiro lugar, por noveno ano consecutivo, mantemos a situación de débeda cero, para o exercicio de 2024 non se contempla en ningunha operación de crédito con entidades financeiras nin o pago dos xuros ou amortización. Esta ten sido una constante en todos os orzamentos durante os meus mandatos como presidente e que xa recibimos tamén do noso predecesor. En segundo lugar, manteremos

PARLAMENTO DE GALICIA

as tarifas das taxas e prezos públicos provinciais. E, en terceiro lugar, manteremos nun 98 % da súa recadación previsible a entrega á conta dos concellos que nos encomendaron a recadación dos seus tributos.

Continuaremos adiantando o 50 % do importe das subvencións provinciais e ademais, coa finalidade de facilitar a todos os concellos da provincia a programación das súas actuacións, este ano a Deputación anticipou, reformulou e concentrou as convocatorias de todas as subvencións dirixidas a concellos. Unhas axudas que supoñerán un investimento de 20 millóns de euros, un 5,4 % máis que o ano pasado, e a creación de 1.600 empregos directos durante o ano 2025. Estas axudas favorecen o acceso aos servizos sociais, á cultura e ao deporte, de forma que os concellos máis pequenos poidan contar con persoal para ofrecer servizos de calidade. Estes programas permiten que, por exemplo, concellos moi pequenos como Abegondo, Rois ou Carnota, poidan ter abertas escolas de Música; e municipios como ... poidan financiar máis de 16.000 horas anuais de axuda no fogar; que concellos de tamaño de Corcubión ou Mañón poidan contratar persoal para as súas praias durante o verán; ou que Frades, Dodro ou Mesía dispoñan de técnicos de Cultura ou Deportes para deseñar e planificar as súas actividades. E, por último, anticiparamos aos concellos que opten por dedicar total ou parcialmente a súa asignación no POS plus a gasto corrente o 100 % do dito importe.

Os orzamentos para o próximo exercicio están dirixidos a desenvolver o gran potencial co que conta o noso territorio, a crear un escenario de oportunidades para as novas xeracións de coruñeses e coruñesas; especialmente no rural, co ambicioso obxectivo de vencer o reto poboacional e demográfico. Os principais conceptos de gasto é, por unha parte, o apoio aos concellos que recibirán o 25,11 % dos recursos dispoñibles; o gasto social e igualdade, ao que se destina preto do 14 %; o fomento dos sectores produtivos e o emprego, que recibe o 12 %; as infraestruturas, o 10,20 %; a educación e deportes, o 8,7 %; a cultura e a lingua, o 5,42 %; e o medio ambiente e emerxencias, o 3,22 %. O gasto en persoal representa o 24 % do orzamento, para o 2025 faise un extraordinario esforzo de contención de gasto de persoal e unha optimización dos recursos dispoñibles. As previsións contemplan un incremento do 2,98 % para dotar partidas independentes para atender o futuro incremento das retribucións e para xestionar o complemento de carreira horizontal, cuxo regulamento está en trámite de aprobación definitiva.

A Deputación da Coruña é moi sensible á situación dedicada dos concellos da provincia, por iso este ano realiza un esforzo sen precedentes, reforzando a súa aposta polo POS plus ao Plan único.

O Plan único da Deputación, un proxecto estratéxico xa consolidado desta Deputación, experimentará un incremento significativo, preto dun 72 % dos importes da súa dotación para o exercicio de 2025 ata alcanzar os 86 millóns de euros inicialmente. O plan incluirá por cuarto ano consecutivo unha liña específica dirixida á ampliación e reforzo dos servizos sociais municipais. Con esta achega a través do POS Social, a Deputación ten aportado un total de 45 millóns de euros aos servizos sociais municipais dende o ano 2021. A dotación do plan e o anticipo das convocatorias de subvencións

dirixidos aos concellos, xa publicadas e co prazo de solicitude aberto, por valor de 20 millóns de euros, supón a posta á disposición xa no mes de novembro deste ano de recursos económicos para os concellos por valor de 105 millóns de euros con 399.000 euros, o que supón o incremento do 51,84 % máis que no 2024 de recursos para os concellos para o ano que vén.

Non podo deixar poñer en valor o noso Plan único como un exemplo cogobernanza cos concellos e colaboración institucional que sempre presidiu a Deputación. Hoxe os concellos coruñeses reciben entre catro e cinco veces máis fondos que nos mandatos anteriores: a través do Plan único, xa investimos nos concellos máis de 576 millóns de euros e financiamos 4.113 obras en infraestruturas municipais. Convértenos isto no principal axente investidor no rural da provincia da Coruña. Só como exemplos: Ordes, pasou de recibir 648.000 euros cos plans anteriores a 1.562.000 en 2025 co Plan único; ou Ribeira, que pasou de 758.000 euros a 1,8 millóns de euros anuais.

A aposta social é outro dos sinais de identidade da Deputación; por ese motivo, o segundo o concepto de gastos de importancia nos orzamentos 2025 representa o 13,6 %. Dentro deste gasto ten particular relevancia o investimento no Programa de servizos sociais comunitarios, a maior parte do incremento irá destinada ao incremento da achega ao Servizo de Axuda no Fogar. Xa dende setembro deste ano pasou de 12 a 14 euros a hora, atendendo así unha das demandas das traballadoras do servizo dos propios concellos, que lles supón unha importante carga económica, xa que o custo actual está entre os 22 e 24 euros a hora. Este incremento suporá un alivio para os concellos xa que o SAF é un servizo esencial para atender aos nosos maiores. A Deputación prevé financiar en 2025 un total de 395.804 horas neste servizo.

Como novidade, tamén incorporamos unha liña de 294.000 euros, destinada aos concellos máis pequenos de 5.000 habitantes e que ten como finalidade a realización de actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada. Camiñamos firmemente tamén cara á posta en marcha do programa piloto dun novo modelo de residencias de maiores no rural, nas localidades de Rianxo, As Pontes e Ordes. O modelo para cuxa definición se prevén fondos no orzamento busca crear un entorno máis amable, aberto e innovador, será similar a un fogar e incorporará domótica, telemedicina e espazos para a convivencia interxeneracional.

Continuamos a nosa decidida aposta pola igualdade, cuxos recursos increméntanse tamén no exercicio 2025. Estamos convencidos, así mesmo, do potencial económico do futuro da nosa provincia e por iso destinamos o 12 % dos recursos do orzamento ao fomento e fortalecemento dos sectores produtivos, innovación e emprego. No eido precisamente do emprego, continuamos apostando polo noso plan de emprego local que este ano incrementa a súa partida nun 1,78 %, pasando dos 15,9 millóns de euros aos 16,2.

Consideramos este plan un caso de éxito do que estamos orgullosos, os datos falan por si solos; en total, dende o 2016 a 2023, a Deputación ten destinado máis de 140 millóns

de euros á creación de empresas e fomento do emprego, apoiando a 2.980 empresas e 4.159 autónomos; creando ou axudando a crear 7.196 empregos a través das súas principais liñas. Non só busca este plan xerar emprego, senón que ademais aposta firmemente polo emprendemento, estes son os elementos fundamentais na actualidade porque fomentan a capacidade de adaptación a un entorno económico en constante cambio, impulsando competitividade forte e sostible. Este ano a Deputación destinou preto de 5 millóns de euros en axudas para persoas autónomas, nunha convocatoria —a última— que rexistrou un total de 6.000 solicitudes. A cifra supón un récord de solicitudes nunha convocatoria do PEL, o que indica a boa acollida desta nova liña para persoas autónomas, dotada con 2,6 millóns de euros que se suman aos 2,3 xa concedidos na primeira convocatoria. Asi, apoiamos a un colectivo autónomo de máis de 205.000 persoas na nosa comunidade.

A Deputación leva anos investindo tamén nun futuro dixital, promovendo e implantando diferentes estratexias, plans e medidas no ámbito da dixitalización que, por exemplo, se concretou nun investimento de máis de 16 millóns de euros nos últimos cinco anos. Parte desa estratexia púxoa a través do Proxecto Concello dixital, unha plataforma da Administración dixital enfocada á modernización dos concellos que conta cun orzamento de máis de 12 millóns de euros. Na práctica, isto supón a adopción da tramitación en todos os procedementos administrativos e a integración con outras administracións.

A adopción da Administración electrónica nas entidades locais da provincia supúxolles no que vai de ano un aforro á cidadanía e ás arcas públicas de preto de 20 millóns de euros no ano 2024.

O Proxecto Concello Dixital supuxo ata agora a creación de 35 oficinas clave constituídas, preto de 500.000 persoas beneficiadas da implantación da Administración electrónica; o aumento de interoperabilidade administrativa, con preto do 90 % das intervencións empregadas e un incremento medio do 14 % durante o proceso de transformación. A redución nos tempos de primeira resposta administrativa nun 25 %; a redución nos tempos de resolución de expedientes nun 40 %; e o incremento do nivel de satisfacción da cidadanía, coas sedes electrónicas en canto a número de servizos, comodidade e funcionamento, en xeral.

Ademais, na actualidade a Deputación e conta cun Plan de ciberseguridade, cun orzamento de 522.000 euros, que garante a seguridade das plataformas, sistemas e ferramentas da Deputación e da Administración local da provincia. Na folla de ruta contémplase unha oficina do dato e unha oficina de accesibilidade e servizos dixitais cun orzamento de 1.233.000 euros. Isto permitirá impulsar a xestión eficaz da Administración electrónica e a ampliación das TIC para favorecer a transparencia e o acceso á información.

Pola súa banda, a Oficina Acelera Peme, da Deputación da Coruña, con sede no Concello de Ponteceso, foi cofinanciada con fondos Next e conta cun orzamento de

máis de 450.000 euros no ano 2025. Ata o de agora, a oficina ten prestado apoio máis de 300 empresas a través de diferentes modalidades, superando as 79.000 persoas impactadas a través das súas actividades.

Na súa aposta por sectores estratéxicos a Deputación está a traballar nunha estratexia de apoio e promoción do sector audiovisual galego, co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico da provincia mediante a posta en valor dun dos sectores máis modernos e innovadores cada vez máis á alza na provincia da Coruña, capaz de crear emprego cualificado e de calidade e a través de empresas de nivel internacional, así como o de crear outros novos emprendementos que convertan a nosa provincia nun referente do sector audiovisual. Neste eido, destaca o Proxecto Ecosistema Dixital, do sector audiovisual de Galicia, Coruña Estudo Inmersivo. O proxecto conta cun financiamento dos fondos Next que supera os 5 millóns de euros, así como cun financiamento provincial de máis de 4 millóns de euros, algo máis de 9 millóns e medio de euros cos que a entidade provincial está a construír na cidade das TIC un produto virtual de última xeración como elemento revulsivo e dinamizador dos sectores audiovisual, en xeral, e do sector do emprego, en particular.

A transición ecolóxica é un dos retos máis críticos na actualidade, motivo polo que debe de acelerarse a transformación cara a un modelo produtivo máis sostible. Neste senso, a provincia conta cun inmenso potencial neste ámbito que pretendemos aproveitar para liderar esta transición en Galicia. Fronte a este reto, a estratexia da Deputación enfócase en asegurar a independencia enerxética, reducir a pobreza e promover unha redistribución xusta e equitativa dos recursos. Para iso, a entidade provincial puxo en marcha este mesmo ano a Oficina da Transición Enerxética, que xorde como unha ferramenta destinada a apoiar os concellos da provincia na súa transición cara a modelos enerxéticos máis sustentables, eficientes, baseados nas renovables e en prácticas sustentables.

Continuamos investindo facilitar o acceso á cultura a toda a cidadanía, con independencia do concello onde vivan, a través dos nosos programas de subvencións da rede cultural. Traballamos na promoción do uso da nosa lingua, o principal selo de identidade dun pobo. Por iso, no orzamento de 2025 incrementamos as dotacións orzamentarias en cultura un 4,78 %, ata os 12 millóns de euros, e na promoción da lingua nun 2,96 %. O deporte, educación e xuventude son outros eixos importantes da nosa política, nos que empregamos o 8,70 % dos nosos recursos e incrementamos as partidas nun 17,46% para o exercicio vindeiro.

Estes son os piares básicos da estrutura do orzamento da Deputación da Coruña para o 2025 cos que intentamos dar resposta ás necesidades de concellos, empresas, autónomos, sectores produtivos, entidades sociais e culturais; en definitiva, da cidadanía da Deputación da Provincia da Coruña. Estou convencido de que con eles avanzaremos na consecución dos obxectivos que sinalei ao principio do meu discurso: unha provincia máis social, territorialmente cohesionada, próspera no económico, industrial, innovadora, verde e dixital.

Quedo á súa disposición para responder as preguntas que me formulen.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor González Formoso.

Pasamos á quenda dos grupos parlamentarios.

En primeiro lugar, por parte do Grupo Mixto. Señor Ojea, ten un tempo máximo de 10 minutos.

O señor Ojea Bouzo (M): Moi breve, presidenta.

Moitas grazas.

Grazas ao presidente da Deputación da Coruña pola súa presenza, pola súa comparecencia e polos contidos que nos compartiu. Que analizaremos para ver en que medida poden pois ser utilizados para os nosos argumentos de partido.

E nada máis. Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Ojea.

Pasamos á quenda dos Socialistas de Galicia. Señora Iglesias.

A señora Iglesias Rey (S): Grazas, presidenta.

Bos días, deputados e deputadas.

E grazas, señor González, Formoso, pola súa comparecencia e explicacións.

Permítame, señor presidente, de maneira moi somera e a efectos introdutorios, facer unha valoración política xeral por parte dos Socialistas de Galicia do Proxecto de orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro ano 2025, para logo descender aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña, que agora presenta. Orzamentos que, na nosa opinión, seguen a estar centrados na principal tarefa de prestar apoio aos 93 concellos que conforman a provincia da Coruña. Concellos que teñen cada vez máis dificultades para ter os servizos públicos básicos da veciñanza: a atención do servicio de atención no fogar dos nosos pais, dos nosos avós; a falta de apoio das obras necesarias nos colexios; a falta de financiamento das escolas infantís municipais; afrontar os custos da depuración de augas e a recollía do lixo. En definitiva —entendemos as socialistas de Galicia—, unha falta de apoio do Goberno galego para afrontar infraestruturas públicas imprescindibles e fortalecer ao tempo o Estado de benestar como máxima do principio

de non deixar a ninguén atrás. En definitiva, da falta do Goberno galego para a posta e apoio polos concellos.

Comezando xa por unha valoración global moi breve dos orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro ano, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia consideramos que os orzamentos que se presentan son os que quere o señor Rueda, pero non os que Galicia precisa e os que precisan tamén os concellos galegos.

En termos comparativos respecto a España, a propia Xunta cifra que en seis anos podemos equipararnos ao crecemento en datos macro e micro económicos da economía a nivel do Goberno central. Por tanto, crecemos —é certo, non hai que dicir o contrario— pero a un ritmo moito menor e máis lento que o nivel do Estado, como se sostén nos derradeiros informes do Banco de España sobre a evolución da inflación, os informes Airef, o Informe Ardán sobre a economía galega.

Galicia está quedando atrás respecto ao conxunto do Estado e, segundo as previsións da Xunta, Galicia medrará un 2,1 % en 2025; por debaixo da media estatal, que se sitúa preto dun 3 %, por tanto, un punto por debaixo. E segundo os datos da EPA publicados o venres pasado, o paro en Galicia baixou —certo é— pero a un ritmo seis veces inferior á media estatal.

A vivenda, a pesar de incrementarse nos orzamentos do vindeiro 2025, segue a ser, sen ser prioritaria para o Goberno galego. A Xunta só contempla 221 millóns, unha diferenza de 72 millóns de euros respecto aos orzamentos do último ano de Pérez Touriño, hai 16 anos; por tanto, tempo no que non se desenvolveu nada de política en materia de vivenda pública en Galicia. A realidade é que hai máis de 18.000 persoas vulnerables esperando por unha vivenda pública. En definitiva, unha Galicia a ralentí. Orzamentos que non responden ás necesidades reais. Non hai unha aposta real polo desenvolvemento económico nin pola mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas, nin hai unha aposta real para a colaboración institucional financeira cos nosos concellos galegos. Son os orzamentos que lle gustan a Rueda, pero non os que Galicia precisa e os concellos galegos precisan tamén.

E respecto á Deputación da Coruña, quédome coas súas verbas de que o seu propósito como presidente da Deputación é lograr unha provincia na que ninguén quede atrás, unha provincia experta, capaz de aproveitar as nosas oportunidades do presente. Un presente no que asistimos a cambios moi profundos e acelerados no ámbito da transición ecolóxica, nunha situación de parálise sen precedentes da enerxía eólica no noso país. Temos retos de modelo produtivo, un modelo de globalización no que temos que ser moi conscientes de que as nosas decisións, evidentemente, marcarán o noso futuro, e o dos nosos xoves, que queren quedar e traballar con empregos dignos e de calidade no noso país.

Unha mostra desta aposta para conseguir estes obxectivos son uns orzamentos que se presentan polo presidente e que se presentou polo presidente da Deputación Provincial

da Coruña, que teñen unha previsión de ingresos totais no orzamento e para o exercicio 2025 que ascenden a case 241 millóns de euros, o que supón un incremento do 8,26 % sobre as previsións iniciais. E, como indicou, son uns recursos orzamentarios que se destinan prioritariamente á asistencia aos 93 concellos da provincia; ao benestar social, á cohesión territorial e loita contra o despoboamento no rural, á xeración de emprego e fomento da actividade económica nos sectores produtivos claves do noso país.

Un exemplo a Deputación da Coruña —que tamén se puxo de referencia—, asume e finanza competencias que debería exercer e financiar o Goberno galego e a Xunta de Galicia, como son os dous centros educativos e dous centros de atención de menores que sostén con fondos e recursos propios a Deputación da Coruña con máis de 20 millóns de euros de gasto previsto para o ano 2025. E mentres, o Goberno do PP, pois, evidentemente, os concellos financian, asumen competencias que non lles corresponden, e o Goberno mira para outro lado. E iso si, fálase —cremos nós en rigorosidade, instaurados en Galicia aquí na oposición á oposición— de infrafinanciación polo Goberno de España do Goberno galego, cando a realidade é que os orzamentos da comunidade autónoma crecen ano a ano grazas tamén ás transferencias do Estado, que este ano se cifran nun 4,7 % máis respecto ao ano anterior, ata alcanzar os 13.954 millóns de euros.

Mentres tanto, a aposta do Goberno galego polos concellos e o financiamento e nulo, o financiamento dos concellos galegos por parte da Xunta mantense estancado desde hai máis dunha década. A incoherencia —cremos as socialistas de Galicia— do Goberno galego é absoluta; e, ao noso entender, o señor Rueda non protesta cando Feijóo, con esa ansia de poder persoal desmesurada, ordena votar en contra tres veces da Axenda de estabilidade orzamentaria que prexudica os concellos galegos e prexudica aos galegos e ás galegas. Non protesta cando o PP de Madrid vota en contra da subida do salario mínimo interprofesional, cando o PP vota en contra da subida das pensións dos nosos maiores, cando o PP vota en contra da baixada do IVE, da gratuidade do transporte, da subida das becas mes para garantir o ascensor social. E suma e segue.

Medidas de confrontación que creemos as socialistas de Galicia que prexudican enormemente a Galicia, pese a que o señor Rueda é o presidente de todos os galegos e as galegas. Pero, mentres, evidentemente, os orzamentos da Deputación son os máis altos da historia da institución, cun incremento de case 18,5 millóns de euros respecto ao presente exercicio. E estes maiores ingresos proceden practicamente na súa totalidade de transferencias do Estado.

Pero vexamos as diferenzas do Goberno galego respecto do Goberno do Estado. Un ano máis, a Deputación non recibirá un só euro do Fondo de Cooperación Local, un fondo que no Proxecto de orzamentos para o 2025 a Xunta decidiu manter conxelado —un ano máis, xa van 11— na súa parte incondicionada. É dicir, esta parte que é moito máis respectuosa coa autonomía local e que se reparte con criterios obxectivos, eses 118 millóns para todos os 313 municipios de Galicia, e 48 millóns para os concellos da nosa provincia coruñesa. A proposta do Goberno galego que rexeitou xa a Fegamp é

incorporar unha contía de 5.400.000 euros dirixida aos concellos de menos de 15.000 habitantes; non é un avance, cremos nós. O Goberno galego decide de forma discrecional esa condicionalidade das axudas a determinados concellos contrarias á autonomía local e supón deixar fóra desa financiación o 60% dos concellos galegos con ese anuncio.

Asemade, tampouco se inclúe na previsión de ingresos dos orzamentos da comunidade autónoma que os concellos poidan participar realmente dos recursos obtidos pola Xunta, realmente recursos que poderían ter repercusión nos concellos: como os fondos estruturais da Unión Europea, a participación no canon eólico e o fondo de compensación ambiental, ou a participación no canon da auga ou no canon da xestión das depuradoras. Evidentemente, amosa esa falla de aposta na que veño de incidir.

Mentres, a Deputación da Coruña, moi sensible á situación delicada dos concellos na provincia nas súas necesidades de financiación. E —como dicía— mentres un Goberno galego que non aposta, non incrementa esa parte non condicional do Fondo de Compensación, un Goberno galego que tamén segue sen aprobar un plan estratéxico de subvencións de reparto obxectivo de axudas para os concellos. Un Goberno galego que segue sen aprobar un plan de infraestruturas prioritarias das entidades locais e pola axencia de infraestruturas en colexios, estradas, centros de saúde, obras de saneamento e restauración das nosas rías; a Deputación da Coruña amosa unha sensibilidade ben distinta, actúa de maneira ben diferente adiantando o 50 % do importe das subvencións provinciais aos concellos nun momento de adxudicación, ou a iniciación efectiva das obras ou actividades subvencionadas; ademais, coa finalidade de facilitar a todos os concellos da provincia a programación das súas actuacións, este ano a Deputación anticipou, reformulou e concentrou as convocatorias de todas as subvencións dirixidas aos concellos. Unhas axudas que suporán un investimento de case 20 millóns de euros, un 5,46 % máis que o ano pasado, e a creación de 1.600 empregos directos.

Por outra banda, temos que tamén poñer en valor o exemplo da Deputación de Galicia co Plan de obras e servizos, co POS, co Plan único. Que é un exemplo —como incidía o presidente— de cogobernanza cos concellos, desa relación institucional que debe ser a máxima de relacións entre as administracións públicas. Un plan que permitiu converter os concellos en protagonistas das súas decisións, empoderalos e decidir onde vai —digamos— o destino deses fondos do POS. Por iso, este ano reforzouse sen precedentes a súa aposta, o Plan único da Deputación é un proxecto estratéxico xa consolidado que experimentará un incremento significativo en preto dun 72 % dos importes da súa dotación para o exercicio de 2025, e ata 86 millóns de euros.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Ten que concluír, señora Iglesias.

A señora Iglesias Rey (S): En definitiva, señor presidente, estes datos reflicten e converten a Deputación da Coruña no principal axente investidor no rural da provincia. Si que hai formas diferentes de facer política, si que hai formas de diferentes de

respectar a autonomía local na toma de decisións e si que hai formas diferentes de fortalecer o estado de benestar como sinal da socialdemocracia e das políticas progresistas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Conclúa, por favor.

A señora Iglesias Rey (S): En definitiva, en Galicia crecemos un ritmo moi lento mentres os nosos servizos públicos se debilitan. Hai un aumento...

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Señora Iglesias, ten que concluír, por favor.

A señora Iglesias Rey (S): ... a sanidade privada e a privatización do noso Estado de benestar.

Moitas grazas, presidenta.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Iglesias.

Pasamos á quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señora Taibo, cando queira.

A señora Taibo Corsanego (BNG): Moitas grazas, presidenta.

Grazas tamén, agradecemos a presenza do señor Formoso para vir hoxe aquí e explicar as principais liñas dos orzamentos da Deputación da Coruña para o ano 2025.

Como é ben sabido, para o Bloque Nacionalista Galego é urxente delimitar e definir as competencias dos diferentes entes públicos para que os concellos poidan deixar de asumir os servizos que non lles corresponden a eles, senón a Xunta de Galiza, fundamentalmente no que se refire á xestión de equipamentos e servizos públicos. E a miña intervención vaise centrar tamén un pouco neste asunto. Agardamos daquela unha reflexión neste sentido e tamén sobre o papel das propias deputacións. Unha redefinición destas competencias que acabe con situacións inxustas que limitan a capacidade —como se dicía agora— de actuación dos concellos; e, polo tanto, a atención ás diferentes problemáticas da veciñanza de xeito xusto é o obxectivo.

E, entre tanto non se produce esta reflexión, para o BNG —como saben— un dos obxectivos fundamentais que debería presidir a xestión das deputacións é o da transparencia e o da equidade na distribución dos fondos. E podemos afirmar que o Goberno de coalición da Deputación da Coruña está a facer un importante esforzo neste sentido. E todas as administracións deben traballar para unha distribución dos recursos con criterios obxectivos e que non sexan arbitrarios, xa que é o único xeito de que o

diñeiro público chegue á cidadanía de xeito xusto e equitativo, que permita compensar as desigualdades sociais.

Como xa se comentaba aquí, o principal proxecto co que a Deputación da Coruña contribúe ao financiamento dos concellos é o Plan único —anteriormente, o Plan de obras e servizos—, que outorga os fondos con criterios obxectivos e transparentes de xeito directo os 93 concellos da provincia da Coruña. Este plan contribúe ao mantemento dos servizos básicos dos concellos, como obras, gastos correntes e servizos públicos; e financia tamén aos servizos sociais, cunha planificación a tres anos que facilita enormemente a xestión municipal.

O Plan único —como xa se dicía— permite que sexan os concellos os que decidan en que invisten, facilitando que a meirande parte da obra pública municipal estea financiada por esta liña, e liberando así outros recursos dos concellos para outros ámbitos que resultan igualmente fundamentais para a veciñanza. A Deputación da Coruña contribúe con máis de 19 millóns de euros a programas de mellora dos servizos municipais que permiten a contratación e o mantemento de 1.600 empregos —como xa se comentaba— en todos os concellos da provincia. As 15 liñas de subvencións destes programas permiten aos concellos de menor tamaño ofrecer uns mellores servizos no ámbito social, cultural e deportivo, contribuíndo a fixar poboación no ámbito rural. No turismo, estes postos de traballo facilitan a planificación nun ámbito que representa o 12 % do produto interior bruto da provincia e o 14 % do emprego, maioritariamente corresponde a mulleres e persoas novas.

O Programa Pel concellos financia con 3 millóns de euros a contratación de 400 persoas para a execución de obras e servizos municipais. E o Programa de Servizos Sociais, vai permitir a contratación en 2025 de 180 profesionais e 400.000 horas de Servizo de Axuda no Fogar, que están cofinanciadas a medidas cos concellos, destinando máis de 9 millóns de euros a financiar os servizos sociais comunitarios municipais. O Servizo de Axuda no Fogar —como sabemos— é un dos máis demandados e queremos insistir aquí na importancia de reflexionarmos sobre a asignación destas competencias ás entidades municipais.

Ademais destes servizos, gustaríame determe nalgunhas áreas nas que a Deputación da Coruña contribúe á contratación de persoal técnico por parte dos concellos, por concretar algúns aspectos: 1 millón de euros para persoal dos servizos de Deportes; 770.000 euros para os servizos de Cultura; 540.000 euros para a Área de Normalización Lingüística —que, como é sabido, permite o establecemento e a continuidade destes servizos de normalización lingüística e dos programas que van asociados a eles, e, como saben, é unha liña de axudas que está moi consolidada na actualidade—; 450.000 euros para a igualdade de xénero —que tamén permiten a contratación de axentes de igualdade que, doutro xeito, sería moi difícil que moitos concellos de 20.000 habitantes puidesen asumir 400.000 euros para a atención en centros museísticos—; 900.000 euros para a contratación de brigadas de limpeza dos areais dos 41 concellos de costa que ten a provincia durante a tempada de verán; 306.000 euros para a contratación de servizos

de socorrismo en piscinas municipais e praias fluviais, creando máis de 300 empregos durante a tempada estival; case 300.000 euros para apoiar actividades de envellecemento activo; 475.000 euros para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais.

E, neste asunto, debo insistir na importancia de reflexionarmos sobre a carga que supoñen estes servizos educativos para os nosos concellos, sobre a propia importancia que teñen estes servizos para a cidadanía e sobre a necesidade de que o Goberno galego contribúa coa súa xestión.

En definitiva, estas cifras que lles traslado gustaríanos que servisen como reflexión para lembrar que este esforzo orzamentario que fai o Goberno de coalición da Deputación da Coruña podería e debería ser replicado pola Xunta de Galiza no seu apoio aos entes municipais, de xeito obxectivo e transparente —como diciamos— e, sobre todo, afastado de todo tipo de clientelismos.

Debemos facer unha comparativa entre o apoio e o traballo municipal que fai a Deputación da Coruña neste orzamento e o financiamento que reciben os concellos por parte da Xunta de Galiza, que ademais está a cargar nas entidades municipais moitas competencias relacionadas cos servizos sociais e coa mellora da calidade de vida da cidadanía, mais que supoñen unha importante carga orzamentaria e deberían recibir un apoio económico do Goberno galego moito maior.

Non podemos esquecer —xa se comentou aquí— a práctica conxelación do Fondo Base de Cooperación Local —que tamén é de libre disposición para os concellos—, mais en 2025 a Xunta de Galiza só incrementa esta partida para os concellos de menos de 15.000 habitantes e continúa a ser moi inferior á cantidade que figuraba consignada nos orzamentos de 2009. A reflexión se cadra máis importante neste ámbito é que unha parte moi importante dos orzamentos proxectados pola Xunta de Galiza para os concellos en 2025 segue a estar destinada a partidas discrecionais, con todas as lecturas que isto implica.

Non debemos esquecer que a Deputación da Coruña asume de xeito total ou parcial o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, o Centro de Día de Menores de Ferrol, o Fogar Infantil Emilio Romay —lembremos aquí que se trata de menores tutelados e tuteladas pola Fiscalía e pola Xunta de Galiza—, o Conservatorio de Danza, o IES PUGA Ramón, o Centro de FP Rosalía Mera, a Residencia universitaria Elvira Bao —nun edificio que é da Deputación e que se xestiona a través dun convenio coa Universidade da Coruña—; e corresponden a competencias da Xunta de Galiza. Agardamos que estas situacións se vaian resolvendo, tal e como se comentou.

Gustaríame destacar o traballo da área de Turismo da Deputación da Coruña, que centra unha boa parte dos seus esforzos en dar visibilidade e potenciar proxectos de pequenos produtores locais, no que consideramos que é unha liña que tamén debería imitar a

Xunta de Galiza, tanto desde o punto de vista do desenvolvemento sustentábel como polo apoio ao tecido produtivo e comercial local e comarcal.

Tamén destaca —e xa o comentou o señor presidente— a Rede Cultural da Deputación, que garante unha oferta cultural de calidade para todos os concellos da provincia, facilitando a xestión das entidades locais neste ámbito, cos programas Escena ao vivo, Visións Alicerce, Lingua Escena, que tamén contribúen ao mantemento de proxectos culturais moi diversas, de moi diverso tipo. E ademais a Deputación da Coruña conta cunha importante programación propia e unha liña de axudas ás entidades da provincia, as entidades culturais.

E gustaríame tamén destacar a creación nos últimos anos da área de Dereitos Civís, que traballa coa perspectiva da recuperación da memoria histórica.

Como é lóxico, todas as administracións deben traballar para mellorar a súa xestión. O Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña supón un importante avance no ámbito da transparencia. Lembremos tamén que a Xunta de Galiza carece dun proxecto semellante, aínda que loxicamente existe unha certa marxe de mellora no ámbito da execución dos proxectos e da burocratización, da lentitude administrativa.

Ademais de lembrar estes ámbitos nos que o traballo da Deputación da Coruña podería avanzar, podería mellorar, gustaríame deixar como conclusión a importancia de mellorarmos na transparencia e na distribución equitativa e obxectiva dos fondos públicos, e a urxencia de revisarmos o marco no que se refire ás competencias das administracións —das diferentes administracións que operan en Galiza— para que as entidades locais poidan deixar de asumir competencias que non lles corresponden e que condicionan de xeito definitivo a súa capacidade orzamentaria; en definitiva, condicionan tamén a súa actividade diaria e os servizos que prestan á cidadanía. Debemos asumir colectivamente que o financiamento dos concellos precisa unha revisión urxente colectiva e agardamos que esta presentación de hoxe que nos trouxo o señor presidente da Deputación da Coruña, nos sirva tamén para facer esa reflexión.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señora Taibo.

Pasamos á quenda do Grupo Popular de Galicia. Señor Trenor, cando queira.

O señor Trenor López (BNG): Bos días, señorías.

Grazas, presidenta.

Bo día, Valentín.

PARLAMENTO DE GALICIA

O primeiro que quero dicir, por suposto, é agradecerche a túa presencia aquí comparecendo para presentar os orzamentos da Administración ou da institución que presides. E iso xa de por si xa ten un valor, que hai que recordar que neste Parlamento había nunha presidente da Deputación que se negaba ano tras ano a comparecer e a facer o que fixo hoxe o presidente da Deputación da Coruña; creando unha situación moi incómoda e, sobre todo, amosando que hai formas e formas de entender a política, e unha delas é con transparencia, como está a facer.

De todo, aínda así, entendo e valoro que se nos traslade aos parlamentarios autonómicos os orzamentos como unha primicia, pero creo que non estaría mal tampouco que se informara da mesma forma a todos os grupos que están a Deputación. Quero dicir, ademais hai moitas formas, quero dicir, non é necesario convocar un pleno, creo que a veces tomando un café e se pode dar traslado desa información. E creo que que para que todo o mundo se sinta ben e todo o mundo se sinta tamén respectado nas súas propias competencias, non sería unha mala cousa. Pero aínda así, reitero a gratitude.

Gratitude que tamén creo que non sería mal que a veces fose recíproca. E, para ser xustos, entendo que vostede tamén podía ter algún xesto de recoñecemento a ese apoio e colaboración coa que traballa a día a día coa Xunta de Galicia. E da mesma forma que digo que non estaría mal agradecer ese traballo de colaboración e de apoio, pois a mesma denuncia que fai aquí falando da escaseza de recursos e de medios para os concellos e de que a Xunta pois ao mellor non aporta o que debería, a mesma contundencia creo que estaría ben denunciándoa cara ao Goberno central. Vostede sabe que moitas las competencias que teñen os concellos ou que asumen os concellos debería de estar financiado, debería de facelo o Goberno central e non o está a facer. E da mesma forma, cando non o fai o Goberno central recae na Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia está a facer tamén ou está a executar competencias que non lle correspondería.

Pero eu cando falo da gratitude e da colaboración e dese traballo que se fai día a día, tamén quero falar dos orzamentos. A Xunta de Galicia vai aprobar, este Parlamento vai aprobar uns orzamentos, 14.000 millóns de euros para a Xunta de Galicia, tres cuartos deles dedicados a gasto social, 641 millóns de euros van para apoiar aos concellos da nosa comunidade. Récord absoluto de apoio por parte da Xunta de Galicia, da Administración autonómica cara aos concellos, 641 millóns de euros. E, a maiores, estes orzamentos tamén van ser os orzamentos da gratuidade das escolas infantís, da gratuidade das matrículas universitarias, o nivel máis alto da historia en inversións, máis de 6 millóns de euros tamén nestes orzamentos para nova vivenda.

Polo tanto, creo que son datos moi importantes e que hai que destacar. E ademais son uns orzamentos que nos van permitir seguir converxendo en renda per cápita co resto do Estado. E eu quero dicir que ese foi o gran avance da nosa comunidade, converxemos máis de 6 puntos nos últimos anos en crecemento do PIB per cápita, de 2008 a 2023 pasamos dun 87 % a un 93 %. Isto son máis de 6 puntos de converxencia, e o señor Formoso ao mellor quere facer unha valoración e ao mellor lle explica ao resto da

Cámara, ao resto dos compañeiros, a importancia que hai pois que un territorio como Galicia conseguira converxer en máis de 6 puntos nestes anos, e sobre todo tendo ese obxectivo de acadar superar a media do Estado no 2030.

E dicía que temos estes orzamentos de 641 millóns de euros, creo que é moi importante tendo en conta que hai uns anos estabamos en 390 millóns de euros. Modificamos tamén a lei para blindar o fondo base e que non puidera baixar, que só poidan incorporarse as modificacións a alza. E e a nós gustaríanos que fora máis, pero saben vostedes que o modelo de financiación tanto para os concellos como para a comunidade autónoma é tremendamente inxusto.

Señorías, nos últimos anos, a recadación dos impostos que están cedidos, os impostos máis importantes cedidos á comunidade autónoma, o 50 % do imposto do IRPF e do 55 % do imposto de sociedades, incrementouse en máis dun 60 % nos últimos anos; e a Xunta de Galicia, o que nos transfire o Estado, só se incrementou nun 28 %. Ollo, do que nos transfire o Estado, nós non temos que dar las gracias absolutamente por nada, é noso, perténcenos a nós. A lei di que é da Xunta de Galicia, de todos os galegos, dos galegos e das galegas; co cal nós non temos que agradecerlle a ninguén e a ningún Goberno que nos transfira o que nos recoñece a lei que nos teñen que transferir. Da mesma forma que os concellos non teñen que agradecerlle á Xunta de Galicia que a Xunta de Galicia faga o seu traballo.

Co cal, eu creo que intentar vender que ese incremento de orzamentos temos que agradecerllo ao Goberno central, non; o que temos que dicirlle ao Goberno central é que o noso orzamento tiñan que ter medrado un 60 %, os recursos que nos pasa, é que só creceu nun 28 %. Co cal, o Goberno central estase a quedar cunha parte moi importante dese incremento que se produciu na recadación.

E o que si que non podemos estender esta gratitude que eu amosaba a Valentín, é a unha das súas decisións, das últimas decisións do seu grupo e do Bloque Nacionalista no Pleno municipal. E estoume a referir á aprobación do Plan estratéxico de subvencións, sen contar co informe da Administración autonómica e, o que é peor, desprezando unha lei aprobada por este Parlamento.

Boa parte do orzamento de gasto que hoxe nos presenta destínase a unhas liñas de subvencións cando van estar enmarcadas nun plan estratégico que á súa vez, por mandato dunha lei deste Parlamento, tiña que estar informado por la Xunta de Galicia. ¿Para que? Para garantir unha coordinación e unha eficiencia no gasto público e un respecto tamén ao marco competencial de cada unha das administracións. Para que todo o mundo me entenda, voulles resumir o que sucedeu. Para que as subvencións sexan varias, a Deputación ha de aprobar un plan estratéxico e, como o anterior se daba por vencido, o Goberno provincial tramitou por urxencia o novo plan, o de 2025-2027, pero non o someteu ao informe preceptivo e vinculante que establece a Lei 5/2014, aprobada por esta mesma Cámara.

A secretaria xeral da Deputación lembroulles claramente e por escrito o 17 de setembro que non bastaba con que vostedes lle solicitaran o informe á Xunta de Galicia o 6 de setembro. Lembroulles que a Xunta de Galicia tiña tres meses para admitir o seu informe e que aínda non transcorrera nin un mes desde a solicitude ata a aprobación; e, a pesar diso, e con plena conciencia de que estabamos saltando a lei, vostedes aprobaron o suposto Plan estratéxico de subvencións no Pleno do 27 de setembro.

Eu non vou a especular sobre a responsabilidade que poida haber cos deputados do PSOE, ou que puideran incocorrer os deputados do PSOE e do BNG, pero si que quero centrarme nesa falta de respecto institucional, non só cara a Xunta de Galicia, senón cara ás leis que emanan deste Parlamento.

E xa que falan de competencias. Se falamos do exercicio de competencias con repercusións orzamentarias. Eu quero dicir que non me parece lóxico o discurso que teñen tanto, por suposto, os compañeiros que están na oposición, aquí nesta Cámara, como tamén o seu discurso, Valentín.

Por unha banda, pídelle vostede á Xunta de Galicia que lle liberemos dunhas competencias impropias; pero, por outro lado, vostedes recréanse con non poucas competencias sobre as que asuma a dúbida sobre a certeza da súa impropiedade. Anunciou vostede aquí que ía a construír residencias de maiores das que sería titular a Deputación da Coruña, conforme a un modelo supostamente novo; e, á súa vez, estanos a pedir que asumamos a xestión de centros e a titularidade doutros doutro outro tipo de centros. Eu, francamente, creo que a construción desas residencias non é competencia da propia Deputación.

E ademais, vou anticipar o que vai pasar aquí dentro duns anos, chegará outro presidente da Deputación, e ese novo presidente —non quero dicir que sexa da miña organización, do meu partido político, pero que vai haber outro, non sei se será en tres anos, en sete ou nos que sexa, pero bueno—, e vai vir aquí ese presidente da Deputación e vai dicir: señorías, é que temos asumidas unhas competencias impropias que é xestión dunhas residencias, non é normal que a Deputación teña estas residencias. E estaremos outra vez con ese debate. Por iso mesmo estamos a falar desas institucións que agora vostede pretende que asumamos.

E falando tamén do destino dese POS único. Xa sabe que fun moi crítico con ese POS. Creo que hai ferramentas para facer compatible un POS flexible cuns plans específicos dirixidos a apoiar o que son os servizos básicos e esenciais que teñen os concellos. Hai moitos concellos na nosa provincia que non teñen capacidade para poder levalos a cabo, e creo que a política está tamén para establecer certos obxectivos e certas prioridades, e a prioridade da Deputación debería de axudar nos servicios básicos aos concellos.

Isto de que vostede está a defender como algo positivo todos sabemos que intenta facer da necesidade virtude, foi a peaxe que lle pediu ao Bloque Nacionalista Galego. O Bloque Nacionalista Galego quería acabar coa institución, como non puido acabar, o

que fai é precisamente chupar do teto da institución, todos a partes iguais, pasándolles os cartos aos concellos. Eu creo que nas administracións e os que nos dedicamos a isto estamos para establecer prioridades, estamos para atender tamén aquelas necesidades que teñen que ser prioritarias; e, nese senso, creo que a Deputación debería atender a eses servizos básicos esenciais que moitos concellos teñen verdadeiras dificultades para atendelos.

Polo demais, nada máis. Rematar como empecei, agradecendo a túa presenza, a túa intervención, e, por suposto, esa colaboración da que fas gala.

Máis nada. Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas, señor Trenor.

Pasamos, finalmente, á quenda de peche que ten o noso comparecente. Señor González Formoso, cando queira, ten unha quenda flexible de 10 minutos para dar resposta ás inquedanzas dos grupos.

O presidente da Deputación provincial da Coruña (Valentín González Formoso) Moitas grazas, presidenta.

Bueno, en primeiro lugar, agradecer a Armando Ojea, do Grupo Mixto, pois o seu compromiso de análise da proposta que contén o documento do orzamento para o aproveitamento doutras formacións políticas do que puidera ser útil para mellorar o interese xeral de Galicia.

En segundo lugar, agradecer tamén a intervención de Patricia Iglesias, do Partido Socialista de Galicia. Grazas por recoñecer o noso esforzo financiador dos concellos coruñeses. Agradecer e explicitar que comparto a súa reflexión sobre unha reclamación necesaria de mellora da participación dos ingresos dos concellos galegos —non tanto das deputacións senón dos concellos galegos— respecto dos ingresos que supón en taxas e impostos que gravan e ademais que os converten en recadadores para terceiros como é o canon da auga. E, por último, agradecer tamén o recoñecemento que fai ao esforzo en protección social por parte desta institución.

E á señora Taibo, tamén agradecerlle a súa intervención, e explicitarlle que compartimos a necesidade de delimitación de competencias entre as institucións, porque iso redundará nunha eficiencia clarísima e nunha melloría que beneficiará a cada galego e a cada galega.

En segundo lugar, agradecer tamén o recoñecemento que fai o seu grupo ao esforzo da Deputación en canto a un reparto obxectivo de fondos que era máis que necesario e que garante a igualdade de trato a todos os concellos coruñeses. Por último, tamén agradecerlle o recoñecemento que lle fai ás políticas de apoio a toda a contratación de técnicos en distintas áreas, e moi relevantes para a sociedade. E explicitarlle tamén —

como vostede di— e que compartimos a necesidade do imperioso incremento de financiamento que os concellos galegos teñen agora máis que máis que nunca.

Tamén agradecerlle a súa intervención a Gonzalo Trenor. Pide un recoñecemento ao labor da Xunta de Galicia, eu non me vou caracterizar nunca por non facelo, eu creo que cando toca coñecerllo, recoñézollo, e cando toca criticalo, critícoo. Creo que iso é o que me lexítima para facer unha crítica construtiva sempre, pero crítica intensa cando entendemos que se poden mellorar aspectos tan relevantes como pode ser o eido da financiación local.

Nós somos unha institución —e pódese acreditar nas actas dos plenos— que permanentemente lle reclamamos ao Estado. Efectivamente, todo o que ten que ver coa dependencia é unha competencia compartida, a Xunta de Galicia e Estado e financiamento tamén. E é unha necesidade imperiosa que tanto a Xunta de Galicia como o Estado se poñan á fronte a liderar unha resposta xunto cos concellos; é unha necesidade que vai incrementándose, que non se pode é deteriorar e que require dunha inversión e unha convicción de priorización das políticas públicas clarísima. Pero neste caso estamos a falar dos orzamentos da Xunta de Galicia, e esta Comisión non fala aos orzamentos do Estado. Se tiveramos que ser citados nesa comisión, teña vostede por seguro que seríamos igual de esixentes que o estamos a ser coa Xunta de Galicia.

Fala dun fondo de 641 millóns de euros para os concellos de Galicia. Entón, se esa reflexión é así, e se xuntamos todas as liñas da Deputación da Coruña, a nosa aportación aos concellos non sería de máis de 100 millóns de euros, sería de máis de 200 millóns de euros; e, por tanto, non me parece unha reflexión xusta, nin moitísimo menos. Eu creo que os fondos teñen que ter un nome directo, o Fondo Galego de Cooperación Local ten conxelada dende hai 11 anos a súa aportación, vai ter unha pequena subida agora extraordinaria. Pero que, en calquera caso, vou dar unha cifra que é para facer pensar á Xunta de Galicia se está financiando axeitadamente aos concellos; que nunca se van sentir debidamente financiados, loxicamente, goberne quen goberne e se impoña a cantidade nos orzamentos que se impoña. Pero ao final o orzamento do Fondo Galego de Cooperación Local terá este ano o mesmo orzamento que teña a Deputación da Coruña para só os concellos dunha soa provincia, e iso significa que están a infrafinanciar claramente o sistema, a planta local. Ou sexa, o mesmo orzamento que vai ter da Deputación para o seus 93 concellos terao a Xunta de Galicia nunha liña específica do Fondo de Cooperación Local, que é o instrumento que dá unha estabilidade e unha previsibilidade á hora de orzamentar aos concellos galegos dunha cantidade como mínimo similar.

En canto á aprobación do Plan estratéxico sen informe da Administración autonómica, bueno, non me río por non chorar. Eu creo que, a ver, primeiro, falamos dunha Administración que aproba o primeiro plan estratéxico, ten 200 anos de existencia, a Lei xeral de subvencións impón esa obriga dende o ano, 2003. Por aí pasaron presidentes socialistas, presidentes do Partido Popular, e tivo que chegar este Goberno bipartito para aprobar un plan estratéxico no 2022. Que, atendendo á súa obriga —vostede explícita—

é certa, totalmente certa, e requiriu o informe previo da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia no ano 2022. Estamos rematando o 2024, aínda non recibimos contestación oficial e formalmente; oficiosamente, dixéronnos que non nos ían a contestar, que ¿que estabamos facendo pedindo ese informe.

Pero é que agora mesmo ese plan estratéxico no 2022, aprobado con informe favorable tanto da Intervención como da Secretaría, como agora mesmo ese plan estratéxico —ao que vostede alude— foi aprobado co informe favorable da Secretaría Xeral e de Intervención. É certo que con observacións críticas por parte de Secretaría, é certo; pero o informe é favorable, igual que do propio servizo, que é o titular de este expediente.

Pero é un plan estratéxico que non existe practicamente nos concellos da provincia, que non existe na Xunta de Galicia, igual que non existe Plan General de Carreteras, que tamén está sometida á mesma lexislación estatal a propia Xunta de Galicia e non ten un plan estratéxico de subvencións e a nós se nos require que o teñamos. Temos ese plan estratéxico. Pero si dicirlles —tamén para a reflexión conxunta dos grupos— que dos 93 concellos da provincia da Coruña, só un terzo —falamos de 32 concellos da provincia— teñen plan estratéxico —só 32 de 93—; por certo, ¿saben cantos deses 32 solicitaron informe previo á Dirección Xeral Administración local? Ningún, cero, nin os do Partido Popular nin os do Partido Socialista —entre o cal inclúo o meu Concello das Pontes—, nin os do Bloque Nacionalista Galego, ningún. De 32, ningún. E dos 93, só 32 teñen plan estratéxico. Polo tanto, temos informe favorable conforme da Secretaría Xeral, con observacións críticas é certo; informe favorable da Oficialía Maior, o informe favorable do Servizo competente nesta materia.

En canto a residencias, é certo que é unha competencia provincial, totalmente certo. E a verdade é que é un paso que levamos nove anos no Goberno provincial e levamos nove anos pensando se dar o paso ou non. Falando coa Consellería de Política Social, falando co presidente da Xunta de Galicia non hai nin tres meses ao respecto, e facendo unha valoración que se limita a un proxecto piloto, porque entendemos que non é competencia provincial, porque entendemos que esa situación que di Gonzalo Trenor se pode dar perfectamente nesta Comisión. E non queremos condicionar o futuro da institución tendo en conta que aperturar unha rede das residencias provinciais pode ser unha política financeiramente complexa que pode xerar a futuro problemas de financiamento na Administración provincial. Por iso acoutámolo a un plan el piloto que está acordado, loxicamente, co BNG, pero tamén co Partido Popular; e a ubicación das residencias tamén cunha lóxica técnica, non política, pero tamén consensuada esa lóxica técnica entre as formacións políticas.

A Administración competente e a Xunta de Galicia terá que dar permiso, a autorización previa, para que poidamos acometer eses investimentos. E xa temos o anuncio do presidente da Xunta de Galicia de colaborar nas libranzas que conleven, iso si, condicionado a un proxecto piloto e non a unha política que puidera —como digo— descontrolar o que é unha política claramente autonómica. Pero é certo que se as

facemos é porque nesas localidades onde están a promover as residencias hai demandas urxentes da cidadanía e non se cobren por parte de quen ten a competencia, que é a Xunta de Galicia. Tendo en conta que, evidentemente, os orzamentos non son ilimitados, os recursos son finitos; pero, en calquera, caso nós queremos aportar o noso agrado aérea e a mellor maneira de facelo é de facelo de forma coordinada coa propia consellería e a Xunta de Galicia, en xeral.

Por último, non comparto a súa crítica ao Plan único. Eu recordo ao portavoz do Partido Popular que o motivo da crítica era que restaba protagonismo á Deputación. Ese era o noso obxectivo, é dicir, o protagonismo non é para nós para nada un obxectivo político, o obxectivo é que os recursos cheguen de forma obxectiva e non discriminatoria a todos os concellos da provincia, o cal está a acaecer con máis intensidade que nunca.

Agradecerlles enormemente o ton na comparecencia, agradecer os recoñecementos; pero tamén as críticas, que sempre son construtivas e benvidas. E, en calquera caso, disposto sempre a colaborar con esta institución, como é a nosa obriga estatutaria.

Moitas grazas.

A presidenta da Comisión (señora Presas Bergantiños): Moitas grazas. Señor González Formoso por estar novamente nesta Comisión dando conta dos orzamentos da institución a quen representa.

Agradecémoslle a súa presenza e despedímolo ata vindeiras ocasións.

E agradecemos o traballo dos grupos e dos servizos da Cámara.

E suspendemos a sesión ata as 12 horas que continuaremos coa Deputación de Lugo.

Suspéndese a sesión ás 11.10 horas.